

O **Instituto Nacional de Ciberseguridad (INCIBE)** ten varios portais web, que serven para obter diferentes tipos de información en función dos destinatarios.

Indica en que caso utilizarías cada unha destas páxinas.

? Ordena os elementos da segunda listaxe para emparellalos cos elementos da primeira listaxe.

ORDEA ESTA LISTAXE

Inscripción nun evento de ciberseguridade.

Cybercamp



Obter información sobre ciberacoso escolar e uso seguro da internet por parte de menores.

Internet Segura For Kids



Solicitar información sobre principais riscos na internet e como protexernos.

OSI (Oficina de Seguridad del Internauta)



Consultar información e recursos para aplicar medidas de de seguridade na internet nunha empresa.

INCIBE



Arrastra á zona de respostas todos os dispositivos nos que se poida, normalmente, activar a función de xeolocalización.

? Arrastra, dende a listaxe de opcións, ata a listaxe de zona de resposta, os elementos que queiras seleccionar.

OPCIÓNS

Smart TV



Reproductores MP3



ZONA DE RESPONSTAS

Móviles



Tabletas



Accede ao Portal de Saúde da Xunta de Galicia, <https://www.sergas.gal/>, e pescuda que organización emite o certificado da web a través do cadeado da dirección web.

- ? Para resolver o reto segue as instrucións do enunciado sen pechar o navegador. Se tes que navegar por unha páxina web, accede a ela noutra pestana do teu navegador ou utiliza outro navegador distinto. Se hai un arquivo achegado, descárgao para realizar o reto co computador.

☒ GlobalSign

☐ DigiCert Inc

☐ Xerencia Rexional de Saúde de Galicia

☐ AC Camerfirma S.A.

Como podes identificar unha tenda en liña falsa e protexerte contra posibles fraudes?

- ? Elixe unha única opción entre as opcións de respostas seguintes.

☐ Verificar a presenza dun cadeado verde na barra de direccións.

☒ Investigar a reputación da tenda, revisar as opinións doutros compradores e desconfiar de sitios con ofertas demasiado boas para ser reais.

☐ Non hai tendas en liña falsas, xa que todas están reguladas e controladas.

☐ Revisar se na web da tenda aparece unha dirección física, porque iso quere dicir que é real.

Dende hai tempo estás a recibir mensaxes na túa conta de correo electrónico con comentarios desagradables por parte da mesma persoa. Que debes facer?

? Elixe unha única opción entre as opcións de respostas seguintes.

☐ Borrar a persoa da túa lista de contactos.

☐ Borrar directamente eses correos.

☐ Dar de baixa esa conta de correo.

☒ Bloquear o remitente.

Elixe a afirmación correcta sobre os retos virais.

? Elixe unha única opción entre as opcións de respostas seguintes.

☐ Os retos virais con risco para a saúde só suceden noutros países pouco restritivos coa seguridade dixital.

☐ Os retos virais son completamente seguros para a saúde xa que son supervisados sempre antes da súa publicación pola rede social.

☐ Os retos virais son seguros xa que están deseñados para ser realizados por calquera persoa sen consecuencias.

☒ Algúns retos virais poden representar perigos significativos para a saúde, especialmente se involucran accións extremas ou non supervisadas.

Cales dúas das seguintes prácticas son recomendables para prolongar a vida útil da batería dun dispositivo electrónico?

? Arrastra, dende a listaxe de opcións, ata a listaxe de zona de resposta, os elementos que queiras seleccionar.

OPCIÓNS

Manter o dispositivo cargando sempre que sexa posible.



Cargar o dispositivo só cando a batería está case esgotada, por baixo do 20%.



Usar sempre a carga rápida.



ZONA DE RESPONSTAS

Se o dispositivo non o fai por defecto, evitar cargar frecuentemente o dispositivo ao 100%.



Recalibrar a batería de cando en vez, deixando que se descargue case do todo.



Ao teu móbil, que ten dous anos, comeza a fallarlle a batería, dúralle cada vez menos e tes que cargalo varias veces ao día.

Cal é a acción máis recomendable que deberías probar en primeiro lugar?

? Elixe unha única opción entre as opcións de respostas seguintes.

☐ Intercambialo polo dun familiar que teña un móbil máis recente, sempre o usará menos que o teu.

☒ Pedir información nun servizo técnico sobre o posible cambio de batería.

☐ Comprar un novo.

☐ Nada, ás veces son problemas puntuais que se resolven sós.

É posible configurar o tempo para que o teu móbil entre en modo bloqueo de pantalla se está inactivo?

 Elixex unha única opción entre as opcións de respostas seguintes.

- ☐ Si, aínda que non podes regular o tempo.
- ☐ Si, na configuración das aplicacións.
- ☒ Si, podes regular o tempo e mesmo desactivar esta opción.
- ☐ Non, esta opción só está dispoñible para sistemas operativos de ordenadores.

Nun fogar onde varias persoas queren utilizar un portátil de forma compartida, cal é a opción máis adecuada?

 Elixex unha única opción entre as opcións de respostas seguintes.

- ☐ Só se permite utilizar unha conta, tendo que compartir a utilización das aplicacións.
- ☐ Abrir e pechar sesión en cada aplicación cos datos de acceso cada vez que se queira utilizar.
- ☒ Engadir tantas contas de usuario no portátil como persoas coas que vaia a compartila.
- ☐ Establecer unha planificación para a utilización do portátil ao longo da semana.

Poden outras persoas usuarias dunha rede social descoñecidas para ti ver as túas publicacións no teu perfil aínda que teñas configuradas as opcións de privacidade para impedi-lo?

 Elixo unha única opción entre as opcións de respostas seguintes.

- ☒ Non, na configuración da privacidade das redes sociais contéplase a opción de decidir quen pode ver as túas publicacións.
- ☐ Si, pero só se así o indica a política de privacidade da rede social.
- ☐ Si, porque as redes sociais teñen como obxectivo último conectar ás persoas.
- ☐ Si, pero só se tedes contactos en común.

Sempre que sexa posible debes mirar o teu móbil, aproximadamente, a unha distancia mínima de:

 Elixo unha única opción entre as opcións de respostas seguintes.

- ☒ 30 cm
- ☐ 60 cm
- ☐ 15 cm
- ☐ 75 cm

Relaciona os seguintes conceptos de seguridade en Internet coa súa descrición.

? Ordena os elementos da segunda listaxe para emparellalos cos elementos da primeira listaxe.

ORDEA ESTA LISTAXE

Antivirus

Programa que detecta a presenza de virus e pode neutralizar os seus efectos.



Cortalumes

Sistema informático en rede deseñado para bloquear o acceso non autorizado, e permitir as comunicacións autorizadas.



Spam

Correo lixo ou mensaxe non solicitada, non desexado ou con remitente descoñecido, xeralmente de tipo publicitario, que son enviados de forma masiva e que o seu obxectivo é prexudicar ao receptor.



Verme

Código malicioso capaz de replicarse e propagarse a través da rede a velocidade de propagación moi alta, sen necesidade da intervención do usuario/a.

